

BANDO

Prevención de incendios forestais

En cumprimento da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, lémbrese aos propietarios ou responsables dos terreos a obriga de mantelos nun axeitado estado de limpeza e coa masa vexetal rozada, **antes do 31 de maio**.

- Os terreos situados en solo urbano, núcleo rural e urbanizable deberán manter a masa vexetal rozada.
- Debe manterse limpa unha **franja de 50 metros** perimetral a:
 - **Solo urbano, de núcleo rural e urbanizable**
 - **Ao redor de edificacións destinadas a persoas e vivendas illadas**
 - **Urbanizacións, depósitos de lixo, gasoleiras, cámpings**
 - **Parques e instalacións industriais.**

Nesta franxa non poderá haber piñeiros, eucaliptos ou acacias e o mato (fentos, toxos, xestas, silvas, carqueixas...) deberá estar rozado.

No caso de incumprimento, o Concello, de oficio ou mediante solicitude, notificará ós responsables a obriga de xestionar a biomasa vexetal e a retirada de especies prohibidas. No caso de non terse cumpridas as obrigas de xestión, poderase acordar a execución subsidiaria a costa do responsable dos terreos, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.

Rodeiro, marzo de 2026

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

